
Xaneiro. Pintura



Maruja Mallo protagonízase a súa obra *"Sorpresa del trigo"*. Unha costa, conchas e corais se mestúranse, na parte superior, con elementos asociados á alquimia dos fantásticos mundos de Remedios Varo.

Febreiro.Escultura



Louis Bourgeois representada como unha aracno-nai protectora. No fondo, represéntase unha peza escultórica de María Oriza.

Marzo. Cerámica



Mónica García é interpretada intervindo con cana e pincel nunha parede de azulexos. Engalánase a composición con motivos florais propios da cerámica talaverana.

Abril. Ilustración



Interpretación a partir dunha novela gráfica de Ana Galvañ. Chaqueta estampada de ollos, ao estilo da ilustradora Pepa Nitras. A ilustración pretende transmitir a idea de zoom cara as gafas de Ana Galvañ.

Maio. Cómic



Ilustración inspirada nos mundos de Mariá Medem. Son espazos desolados que transcenden. A deriva aparece a ilustradora de cómics Isabel Bas Amat.

Xuño. Arte de rúa



Frase en efecto bordado de Katharina Cibulka. Pretendese representar un mural no que María Peña Cotó levanta a brocha como ferramenta de loita e empoderamento.

Xullo. Gravado



Represéntase o aspecto físico dun gravado no que se mesturan a estética da gravadora Marina Anaya e elementos lineais recorrentes da protagonista da ilustración, Lilena Porter.

Agosto. Fotografía




Zanele Muholi é a protagonista e preséntase frontal ao espectador, como nos seus autorretratos. As cámaras son parte da súa indumentaria.

Setembro. Vídeo arte e Arte dixital



María Ruido interpreta a súa peza *"La voz humana"* nunha sala de proxección. Os asentos deste espazo simulan xabóns, utilizados na peza artística *"Grandma"* de Marta L. Lázaro.

Outubro. Instalacións



Ana Carceller e Helena Cabello son representadas nos laterais. No fondo represéntanse as ruínas da instalación de Mona Hatoum.

Novembro. Performance



Pilar Albarracín aparece de perfil e expande os seus lunares vermellos pola composición. Sobre a súa cabeza paquete de cigarros da artista Valie Export. Este acto asóciase á performance *"Las cosas"* de E. Ferrer.

Dicembro. Arte textil



Ilustrase a Teresa Lanceta cun colo longo como as ilustracións de Victoria Gaytán. No fondo un tear da artista do movemento Bauhaus, Anni Albers.

PAM RANILLA
@PAMRANILLA

omujeres.confederacioninter
@OrgMujeresCI
organizaciondemujeres.org

Tempo de mulleres, mulleres no tempo | Artistas visuais

Elabora e edita: Organización de Mulleres de STES intersindical | o.mujeres@stes.es

Colaboran: Francesca Abrines Llabrés, Sonia Blanco Esquivias, María Camacho García, Sònia Caperrós Gutiérrez, Julia Castillo López, Inés Ciércoles Pereta, Laura Conde Rubio, Evélia Déniz Naranjo, Mireia García Perruga, María Carmen Gil García, Mª José Giménez Acón, Eva Dios González, Ana María Fernández García, Sandra García Pecharromán, Miriam Gómez Pérez, Cinta Gómez Vázquez, Belén González López, Mª Luz González Rodríguez, Elena Infantes Castro, Teresa Giménez Acón, Aurelia Lahoz Clavelo, Eva María López Carrascosa, Francisca López García, Ana Belén López León, Elena Esther López Lillo, Fina Lucerga Nieto, Sara Marín Sánchez, María Rosa Marrero Hernández, Lola Mata Guerra , Ana María Miguel Miguel, Ana Millán García, Maite Montalván Gadea, Isabel Monux Gil, Mª Sol Muñoz Martín, Juana Navarro Martínez, Rocío Ordoñez Pérez, Angustias Osorio Molina, Pilar Pecharromán García de las Hijas, Mª Fe Pérez Martín, Isabel Plumed Abad, Ruth Rebato Redondo, Ana Redondo Monzón, Consuelo Rodríguez Prieto, Elvira Sánchez Castillo, Idaira Sánchez Déniz, Sandra Serra Teruel, Antonia Valenzuela Alba.

Tradución: Eva Dios González, Consuelo Rodríguez Prieto e José Vieito García.

Ilustracións: Pamela Espinoza Ranilla | Contacto: pamranilla@gmail.com | @pamranilla

Deseño gráfico, deseño de portada e maquetación: Mario Padilla Fernández. Área de Publicaciones de Confederación Intersindical | publicaciones@intersindical.es

Depósito Legal M-19763-2022 | Publicación de difusión gratuita | Tirada: 80.000 exemplares

Esta publicación pódese copiar e reproducir libremente, respetando os créditos e atribucións das imaxes e a autoría da obra no seu conxunto.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
Asemblea de Mulleres
STEG

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
Asemblea de Mulleres
STEG




Artistas visuais

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

2023

ACTIVIDADES PROPOSTAS
NAS ÚLTIMAS PÁXINAS

Artistas visuais
PINTURA



Ángeles Santos Torroella

«Desafiou as convencións da súa época e pagou un prezo moi alto por iso».

museoreinasofia.es

Remedios Varo

«É considerada a introdutora do surrealismo en México».

tribunafeminista.elplural.com

Maruja Mallo

«A única muller que aprobou a proba de acceso en 1922 á Academia de Belas Artes de San Fernando».

«Comezou a utilizar referencias de xénero nos seus cadros pintando figuras andróxinas e grandes mulleres míticas que sinalaban a súa liberdade no mundo da arte dominado por homes en Madrid».

elespanol.com/mujer/mujeres/mujeres-historia

XANEIRO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
26 DECEMBRO 2022	27 DECEMBRO 2022	28 DECEMBRO 2022	29 DECEMBRO 2022	30 DECEMBRO 2022	31 DECEMBRO 2022	**1** 1999 Calire Bretécher (1940), autora de cómic moi recoñecida en Francia recibe o Premio Alph-Art na categoría de humor.
2 2003 Falece Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa.	**3** 1948 Nace Araceli Suárez Álonso en Santander, pintora afincada en Miranda de Ebro.	**4** 1967 Nace Mar Solís, Madrid. Escultora que utiliza como materiais a madeira e o aceiro. A súa obra enmárcase dentro do abstracto. 2020 María Latorre ilustradora murciana, inagura la exposición *Murcia se ilustra*.	**5** 1902 Nace a artista galega Maruja Mallo. Formou parte da Xeración do 27, coñecidas como as "Sinsombrero".	**6** 2022 Victoria Gaytan Caparrós, artista de Melilla, fala do seu proxecto *"Femmes du Monde"* que procura o empoderamento da muller.	**7** 1957 Nace Paqui Méndez, preside l´Associació per la Coeducació e forma parte de CIMA (Asociación de mulleres cineastas e medios audiovisuais).	**8** 1949 En Santiago de Chile realízase a cerimonia de promulgación da Lei que concede o voto ás mulleres.
9 1965 Morre Maria Ibars i Ibars, escritora, poeta e mestra (València).	**10** 1706 Falece Luisa Roldán, artista sevillana que foi unha das principais figuras da escultura do Barroco a finais do século XVII e principios do XVIII.	**11** 1923 Esther Neira funda en Panamá, a Sociedade Nacional para o progreso da muller coa súa Conferencia *O feminismo triunfante*.	**12** 2017 María Peña Coto gaña o Premio Joven de Artes Plásticas 2016, outorgado pola Consellería de Participación Cidadá asturiana.	**13** 1943 Falece Sophie Taeuber-Arp (1889 Suiza), artista, pintora e escultora que formou parte do movemento dadá de Zurich.	**14** 1841 Nace Berthe Narie Pauline Morisot, Bourges. Pintora francesa, fundadora e figura clave do movemento impresionista.	**15** 1986 Nace Nuria Figueiredo en Pontevedra. Ceramista e ilustradora, que se rodea de obxectos cerámicos cheos de simboloxías.
16 1946 Nace Annegret Soltan en Luneburgo, Alemaña. Fotógrafa e artista visual que foi referente na arte dos anos 70 e 80.	**17** 2013 Inaugúrase a exposición de escultura de María Oriza Pérez, *"Espacios cómplices"*. 2014 Ana Santiso ilustradora de Lugo. Se publica *"Emilia Pardo Bazán"* ilustrado por ella e escrito por María Xosé Queizán.	**18** 1981 Nace Zeina Abireached, Beirut (Líbano). Debuxante de cómics e artista gráfica. A súa obra baséase en experiencias autobiográficas da súa nenez durante a Guerra Civil libanesa.	**19** 1954 Nace Cindy Sherman, fotógrafa estadounidense. Relaciónase coa arte feminista e conceptual.	**20** 1961 Nace Rosa Mascaró Pérez en Menorca, artista visual que destaca polas súas instalacións.	**21** 1921 Nace Elisa Mújica Velásquez, dende a década dos 80 integrou a Academia Colombiana da Lingua e a Real Academia Española.	**22** 1981 Morre María Moliner, creadora do Diccionario da Lingua Española.
23 2000 Falece Margarethe Shütte-Lihotzy, arquitecta pioneira que se especializou no deseño de vivendas sociais.	**24** 1944 Nace Rufina Agüero, ceramista cántabra. Desenvolve traballos de alfarería compaxinados con estudos de esmalte en alta e baixa temperatura.	**25** 1991 Nace Pamela Espinoza Ranilla, en Lima, Perú. Ilustradora e deseñadora gráfica, que desenvolveu as ilustracións do calendario 2023 *"Tempo de mulleres, mulleres no tempo. Mulleres artista visuais"*.	**26** 1972 Nace Barbara Kruger, New Jersey. Artista conceptual descrita como multidisciplinaria. É creadora de obxectos fotográficos traballados en papel, vinilo, gravados, como autora de audios, vídeos, instalacións e esculturas.	**27** 2005 Falece Blanca Meruéndano Cantalapiedra, asturiana. Mantivo unha iconografía constante, dentro da figuración de interiores na casa que habitou.	**28** 1977 Nace Yolanda Domínguez en Madrid, artista visual, fotógrafa e activista. 2021 Silvia Antolín Guerra, artista cántabra, presenta su videoperformance *"Hoy, Carmela"*. Realizou a performance *CorBasta Ya!!*	**29** Lotta Kronlid, Andrea Nedham e Joanna Wilson, integrantes do grupo pacifista *Ploughshares*, entraron na fábrica *Brithis Aeroespace* e con martelos golpearon elementos de avións de guerra.
30 1913 Nace Amrita Sher- Gil, pintora húngara de ascendencia hindú, que foi unha das máximas expoñentes do Renacemento bengalí.	**31** 1820 Nace Concepción Arenal, escritora e profesora universitaria, que asistiu disfrazada de home ás clases de Dereito da Universidade Central de Madrid.					

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais
ESCULTURA



Marina Vargas

«A súa linguaxe artística céntrase na iconografía clásica, no sagrado, na mitoloxía, creando réplicas realizadas en formatos monumentais baixo unha mirada feminista comprometida que impregna toda a súa obra».

wikipedia.org

Louise Bourgeois

«Traballou principalmente arte conceptual e dedicou a maioría das súas obras á mente feminina».

centroeleia.edu.mx

María Oriza Pérez

«A igualdade de dereitos e oportunidades parece algo que debería estar ben asimilado a estas alturas, pero non é así para moitas mulleres e hai que defendelo».

Entrevista en diariodeunceramista.wordpress.com

FEBREIRO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
30 XANEIRO	31 XANEIRO	**1** 1873 Falece a escritora cubana Gertrudis Gómez de Avellaneda. Foi unha das figuras femininas de máis relevo dentro do panorama literario e artístico do século XIX en Cuba e España.	**2** 2022 Marina Nuñez, artista multidisciplinar feminista, nada en Palencia, inaugura a exposición *"Simbiosis en La Gran; 2D,3D y NFTs"*.	**3** 1942 Morre Obdulia García Díaz, dedicada á docencia, que deixou unha serie de paisaxes urbanos de moi bela e áxil feitura.	**4** 1967 Suicídase Violeta Parra, cantautora recopiladora de folklore e artista plástica chilena.	**5** 2022 A ilustradora murciana Virginia García Martínez inaugura a exposición en Educaina para introducir ás crianzas na lectura mentres gozan das súas ilustracións.
6 **Día Internacional de TOLERANCIA CERO coa MUTILACIÓN XENITAL FEMININA** 1936 Nace Mary Beth Edelson, artista estadounidense pionera del Movimiento Feminista.	**7** 2003 Isabel Oliver Cuevas, artista valenciana, consigue a praza de catedrática da Universidade Politécnica de Valencia na área de pintura.	**8** 1980 Nace Catherine Meurisse en Deux-Sèvres (Francia). Debuxante de cómic, ilustradora e guionista. Debuxa con pluma e tinta china.	**9** 1989 Nace Alba González de Molina. Crea o colectivo *La Semilla* xunto a cinco mulleres máis, asociación que crea un cine como ferramenta de transformación social.	**10** 2021 Araceli Gedax, fotógrafa cántabra, expón mediante autorretratos unha serie de fotografías elaboradas durante o confinamento pola pandemia (COVID-19).	**Día Internacional das Mulleres as Nenas na Ciencias** **11** 1985 Nace María Maquieda, A Coruña, artista multidisciplinar que emprega debuxo, gravado, colaxe e escritura como linguaxes expresivas.	**12** 1972 Nace Irene Laviña en Madrid, ceramista.
13 1982 Lolita Díaz Baliño (A Coruña) convértese na primeira muller membro da *Real Academia Galega de Belas Artes*, pintora, ilustradora, debuxante e acuarelista.	**14** 1919 en Medellín, Colombia, realízase a 1ª folga de obreiras de *Fabricato*, dirixida e negociada pola obreira Betsabé Espinoza.	**15** 1973 Nace Carmen Montoya Sánchez en Zújar (Granada), artista, pintora e docente.	**16** 2021 A artista Carmela García inaugura a exposición *"Autoras de utopías"* na sala do Canal de Isabel II. 2019 Lucía Polanco ,artista cántabra, finaliza a súa exposición de pintura no Concello de Polanco.	**17** 2002 Nace Manuela Gutiérrez Arrieta, artista audiovisual cántabra.	**18** 1937 Morre Julia Alcayde Montoya, unha das mellores pintoras españolas de finais do século XIX e comezos do século XX e unha das máximas representantes do bodegón burgalés.	**19** 1946 Nace Nalini Malani, Pakistán. Dedicou a súa carreira artística á defensa da xustiza social, feminista e ecolóxica.
20 1914 Nace en Puerto Rico, Julia de Burgos, poeta. Ten varios premios en litertatura e xornalismo.	**21** 1837 Nace Rosalía de Castro en Santiago de Compostela, ocupando un lugar importante dentro da lírica española do século XIX.	**Día Europeo pola igualdade salarial de mulleres e homes** **22** 2022 Irana Dover inaugura unha exposición en Bogotá onde plasmará as súas fantasías sobre a feminidade e o desexo.	**23** 2019 Gloria Torne, pintora cántabra, recibiu a Medalla de Prata da Cidade de Santander en recoñecemento á calidade do seu traballo.	**24** 2014 Morre Alexis Hunter, pintora e fotógrafa de Nueva Zelanda, que utilizou a teoría feminista no seu traballo.	**25** 1932 As Cortes republicanas españolas aproban a Lei do Divorcio, primeira na historia do país. 2021 Morre Elena Colmeiro, escultora galega que formou parte da xeración abstracta dos anos 50 do século XX.	**26** 2020 Asunción Molinos Gordo, artista conceptual arandina (Burgos), recibe o IV Premio ART Situacions ARCO en Madrid.
27 1935 Nace Eleanor Antin, artista feminista estadounidense de performance e instalacións. Cineasta e artista conceptual.	**28** 2022 Isabel Echarri, artista afincada en Formentera, recibe o *premio Ramón Llull*. A escultura, a poesía, a escenografía e a pintura son algúns dos instrumentos cos que Echarri expresou a súa vocación artística.	1 MARZO	2 MARZO	3 MARZO	4 MARZO	5 MARZO

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais
CERÁMICA



Mónica García del Pino

«É un referente para todas as mulleres que queren facer da cerámica o seu traballo e deste oficio a súa vida».

«As mulleres coma ti, que defendiches ser o que querías ser e loitaches por cumprir os teus soños, son un modelo a seguir por todas nós e demóstrannos que nada nos deteña».

Nuria Cogolludo (eldigitaldetoledo.es)

Mariko Wada

«A artesá xaponesa leva o material ao extremo, desafiándose a si mesma e explorando novas formas de expresarse a través da cerámica».

homofaber.com

Angelina Alós Tormo

«Foi unha adiantada ao seu tempo, como artista e como muller, nuns intres nos que a arte da cerámica era exercido maioritariamente por homes».

museus.esplugues.cat

MARZO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
27 FEBREIRO	28 FEBREIRO	**1** 2018 Xiomara Correa, nada en Pontevedra, publica *"Mi novio caballo"*, a súa primeira novela gráfica. 1973 Nace Eva Navarro Martínez, Granada. Escritora, poeta e artista plástica.	**2** 2019 Lucía C. Pan, directora de fotografía galega, recibe o Premio Mestre Mateo á Mellor Dirección de Fotografía por *"Trote"*.	**3** 2001 Falece Maija Isola, pintora e deseñadora textil finlandesa de gran proxección internacional.	**4** 2020 Mónica García del Pino, ceramista de Talavera de la Reina, obtén o recoñocemento do Goberno da comunidade *"como referente para todas as mulleres que queren facer da cerámica o seu oficio"*.	**5** 2021 Paqui Méndez, presidenta da Asociació per la Coeducació, estrea a curtametraxe documental *"Las chicas no pierden el tren"* no Muvim (Museo Valenciano da Ilustración e a Modernidade).
6 2019 Morre Carolee Schneemann, artista visual estadounidense especializada en performance, coñecida polos seus discursos sobre o corpo, a sexualidade e o xénero.	**7** 1969 Idoia Cuesta nace en Lugo. Creadora de arte textil, que traballa con fibras naturais aplicando diferentes técnicas.	**8** DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 	**9** 1929 Nace Mª Victoria de la Fuente en Pontevedra, extraordinaria pintora recoñecida polos seus bodegóns nos anos 70. 2009 María Ruido, artista visual galega, recibe o premio ao mellor documental internacional no Festival de Cine Indep. de Nueva York.	**10** 2022 Helena Caballero e Ana Carceller, inauguran en Bilbao, en Azkuna Zeutroa, a exposición *"Una voz para Erauso. Epílogo para un tiempo Trans"*.	**11** 2021 A artista aragonesa Marta L. Lázaro inaugura a exposición *"Grandma. Un recuerdo Iluminado"* que homenaxea a oficios perdidos que recaeron sobre as avoas.	**12** 1997 Nace Angelina Alós Tormo, Llobregat, ceramista e profesora desta disciplina na Escola de Traballo de Barcelona. 1912 Nace Maruja Roca, Lugo, foi unha das poucas mulleres que exerceron de fotógrafa na posguerra.
13 1900 As Cortes Españolas aproban unha lei que regula o traballo de mulleres e nenos.	**14** 1963 Nace Olga Antón en Zamora, escultora. *"A miña obra é unha representación mimética das miñas emocións e as miñas vivencias, sobre todo do que penso"*.	**15** 2005 Morre Judith Scott, escultora estadounidense de renome internacional. Naceu con Síndrome de Down.	**16** 2022 María Ruido, artista galega, inaugura a exposición *"As regras do xogo"* de Es Baluard Museu d'Art Contemporani de Palma. 2021 Inauguración no IVAM dunha exposición en honor da autora de orixe palestino, Mona Hatoum.	**17** 1975 Falece Helena Sorolla García, escultora e pintora valenciana de inicios do século XX.	**18** 1980 Morre Tamara Łempicka (Cuernavaca), foi unha pintora polaca que acadou a fama en Europa, sobre todo en Francia e Estados Unidos cos retratos e espidos de gusto art déco.	**19** 1895 Morre Faustina Sáez y Soria, máis coñecida como Faustina Sáez de Melgar, foi unha escritora e xornalista española.
20 1985 Nace Natalia Salvador Cabrerizo, Granada. Gañadora en 2022 dun prestixioso Certame *Illustrators of the Future 1st Quarter Winners*, en Hollywood.	**21** 1918 Nace Verna Fields, estadounidense, editora de cinema e son. Das primeiras mulleres en ocupar un cargo de tan alto nivel na industria do entretemento.	**22** 2012 María Eugenia Sancho, pintora e escultora segoviana, expón na *Feria de Arte de Primavera de Nueva York*.	**23** 1976 Nace Sara Morante en Torrelavega, Premio Nacional de Arte Joven 2008 do Goberno de Cantabria.	**24** 1968 Morre Alice Guy, primeira realizadora dun filme de ficción.	**25** 1792 Nace Théroigne de Méricourt, revolucionaria francesa que participou na Revolución de 1789.	**26** 1908 Nace Obdulia García Díaz en Avilés, pintora e profesora de debuxo. Convértiuse na primeira muller avilesina en obter un título superior de Belas Artes.
27 1977 Nace Virginia García Martínez, Murcia. Estudiou Ilustración e Belas Artes en Murcia e comezou as súas primeiras publicacións nos contos en 2007.	**28** 1515 Nace Santa Teresa de Jesús en Ávila, escritora mística recoñecida da literatura española.	**29** 2009 Falece Helen Levitt, artista estadounidense, fotógrafa, guionista, directora de fotografía e directora de cinema.	**30** DIA INTERNACIONAL DAS EMPREGADAS DO FOGAR 1842 Morre Elisabeth Vigée Le Brun, foi unha das pintoras francesas máis destacadas do século XVIII.	**31** 1982 Nace Chloé Zhao, coreana, segunda muller asiática gañadora dun Óscar en 2021 á mellor dirección.	1 ABRIL	2 ABRIL

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais

ILUSTRACIÓN



Ana Galvañ

«Unha mensaxe positiva do 8M porque se trata de animar a todo o mundo, non só ás mulleres senón tamén aos homes para que participen nesta ilusionante revolución, loita, movemento pola igualdade».

elperiodico.com

P. Nitas (Inma P. Nitas)


«Entre os seus obxectivos está subliñar a importancia da historia silenciada da teoría e da práctica feminista».

unitas.es

Irana Dover

«Fala sobre a importancia da cor na súa obra, o papel da muller na sociedade e como se relaciona con outros artistas».

metalocus.es



ABRIL 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
27 MARZO	28 MARZO	29 MARZO	30 MARZO	31 MARZO	1 1968 Nace Emma Ríos en Pontevedra, debuxante de historietas galegas con proxección no mercado internacional, concretamente en *Marvel Cómics*.	2 1876 Nace Llüisa Vidal i Puig , pintora catalana que se relacionou co ambiente modernista da época.
3 1976 Nace Elvira Rilova Núñez en Burgos, xestora cultural, comisaria independente, membro da Xunta Directiva do MAV (Mulleres nas artes visuais).	4 1913 Nace Griselda Álvarez en México, primeira muller mexicana en ser elixida gobernadora. Formou o *centro de Atención á Muller AC*, pioneiro na atención á violencia. sexual e machista.	5 1881 Morre Mª Gutiérrez-Cueto Blanchard, pintora cántabra considerada a gran dama do cubismo. 1962 Nace Inés Vílchez Pineda en Jaén, artista especializada en ilustración de literatura infantil e xuvenil coeducativa.	6 1917 Nace Leonora Carrington, Inglaterra, considerada unha das grandes expoñentes da Arte Contemporánea.	7 1938 Falece Suzanne Valadon (1865, París). Pintou naturezas mortas, ramos e paisaxes admirados pola forza da súa composición e cores vibrantes.	8 1827 Nace Barbara Bidichon, Inglaterra. Foi pedagoga e artista británica, así como unha das principais feministas e activistas polos dereitos das mulleres de mediados do século XIX.	9 1960 Nace Isabel Coixet, directora catalana, comprometida cun cinema de mulleres e unha das nosas cineastas máis importantes.
10 1789 Nace Leona Vicario en México, figura percursora da Independencia de México, que combateu nos exércitos rebeldes.	11 1989 Nace Victoria Maldonado en Málaga, artista multidisciplinar que define a súa arte como unha excusa para deixar unha pegada no mundo.	12 1966 Nace Ángeles Agrela en Úbeda (Jaén), artista multidisciplinar que combina fotografía, vídeo, debuxo, pintura e instalación.	13 1984 Nace Andrea Nunes Brións en Marín (Pontevedra), poeta e escritora.	14 1986 Morre Simone de Beauvoir, feminista francesa, existencialista e escritora.	15 1943 Nace Patrizia Von Brandenstein, deseñadora de produción estadounidense, primeira en gañar un Premio da Academia polo deseño de produción.	16 1883 Nace Concha Mori en Oviedo, pintora con mención honorífica na Exposición Nacional de Belas Artes de 1906 e 1908.
17 1988 Falece Louise Nevelson (1899, Ucrania). escultora estadounidense de orixe ruso, coñecida polas súas pezas feitas con valados de madeira monumentais e monocromáticas esculturas ao aire libre.	18 1982 Nace Erika Collado, Navas de S. Juan (Jaén). pintora, ilustradora, cineasta e activista feminista. 2022 A ceramista Rafaela Pareja, valenciana, recibe o premio II Certame Nacional de Pintura 3V.	19 2022 Lala de Dios, artista textil, imparte unha conferencia no Centro Andaluz de Arte Contemporánea de Sevilla.	20 1960 Nace Nieves Correa en Madrid, artista multidisciplinar que emprega o seu corpo e presenza como ferramentas de creación.	21 2003 Falece Nina Simone, cantante de protesta, maxistral intérprete de jazz, pianista e compositora que se rebelou contra a discriminación racial.	22 1904 Nace María Zambrano, filósofa e poeta.	23 1943 Nace Soledad Penalta en Pontevedra, escultora de expresión sempre conceptual, para amosar, con ferro e aceiro cor-ten, alusións realistas tanto na escultura monumental como de medias dimensións.
24 2019 Pilar Cerdà (Menorca 1954), artista multidisciplinar, inaugura, nos xardíns de Joan March de Pollença, a súa obra *"La música más íntima"*.	25 1947 Nacen as xemelgas Laura e Sira Cabrera en Cáceres. A súa actividade artística está especializada en videocreación de ficción, documental e mixto.	26 	27  1940 Nace Claire Bretécherm en Nantes. Debuxante de cómics coñecida polas súas obras sobre cuestións de xénero, sempre cunha ollada satírica.	28 2010 Publícase que Ana Galvañ, ilustradora e debuxante de cómic murciana, foi galardoada con *"Premio Especial do Xurado no III Certame Creacómic"*.	29 2014 A granadina Irene López Mañas (Vinila Von Bismark) publica o seu primeiro álbum, dedicado á música e á performance.	30 2013 Miki Yamamoto, é premiada como autora novel pola súa obra de cómic *"Sunny Sunny Anni!"*, cómic.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG



Julia Botanz Guimerá

«Ilustradora que traballa a miúdo en "Visual Thinking" ou Pensamento Virtual, recollendo todo o contido de diferentes charlas e xornadas feministas, achegando a súa visión dende a creatividade ás diferentes informacións».

igasusal.wixsite.com/mientras

Isabel Bas Amat

«Formou parte do pequeno grupo de mulleres que debuxaron para a revista TBO nos anos 70. O seu traballo foi recoñecido co Premio de Honra concedido pola AAC (Asociación de Autores de Cómic) en 2015».

wikipedia.org





Artistas visuais CÓMIC



María Medem

«Unha ilustradora, contacontos, que a través das súas viñetas bota luz sobre o lado máis psicolóxico do ser humano».

divagancias.com

Miki Yamamoto

«A súa obra, *Sunny Sunny Ann!*, un himno á liberdade. Mulleres que valoran a liberdade por riba de todo e escollen vivir á súa maneira».

mondosonoro.com

MAIO 2023

Tempo de mulleres, muleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
 **1** PRIMEIRO DE MAIO En 1936 a artista galega Maruja Mallo pinta "Sorpresa de trigo".	**2** 1975 Promúlgase en España a Lei 14/75 que modificou a situación xurídica das mulleres casadas, sendo decisivo o traballo da xurista María Telo,	**3** 2004 Morre Concepción Laporta Albors, pintora surrealista alicantina. A súa obra componse de gravados, pinturas e serigrafías.	**4** 1893 Nace María García del Moral en Santander, primeira muller cántabra fotógrafa profesional.	**5** 2020 Publícase *"El único e incomparable Bob"* escrito por K.A Appelgate e ilustrado pola galega Patricia Castelao, nominado aos Goodreads Choice Award.	**6** 1889 Nace Liubov Popova, pintora rusa asociada ás vangardas da época revolucionaria.	**7** 1960 Nace Almudena Grandes en Madrid, escritora que dedica a maior parte da súa obra a afondar na historia máis recente de España para recuperar o pasado oculto da ditadura de Franco.
8 1947 Nace Antonia Valero en Madrid, artista multidisciplinar cuxas convicións sobre a situación actual da arte e o seu compromiso co feminismo, pertenceu a varios colectivos de mulleres artistas.	**9** 1994 Morre Annie Albers, nada en Berlín, pioneira no renacer da arte textil.	**10** 1981 Nace Miriam Fernández Lara en Burgos, artista que reflexiona sobre a nosa percepción do tempo e do espazo.	**11** 1987 Morre Adela Ferreto de Sáenz mestra, escritora e militante comunista.	**12** 1986 Morre Alicia Morean de Justo, unha das primeiras mulleres integrantes da política arxentina e entregada á causa dos *Dereitos das Mulleres*.	**13** 1957 Nace en Santiago de Compostela Uxía Casal Silva, escritora e profesora.	**14** 1940 Morre Enma Goldman, unha das figuras máis resaltadas do anarquismo e o feminismo.
15 1926 Celébrase o X Congreso da Alianza Intenacional para o voto das mulleres.	**16** 1946 Nace Anna Asp en Suecia, deseñadora de produción e directora de arte. Premio da Academia á mellor Dirección de Arte 1983.	**17** 1968 Nace Luz Mª Beloso Rodríguez en Lugo, profesora, pintora e ilustradora que participou en numerosas exposicións nacionais e internacionais. 1940 Nace Valie Export, feminista austriaca e recoñecida artista multidisciplinar.	**18** 1944 Nace Celia Amorós, teórica feminista, "Hacia una crítica de la razón patriarcal" 1938 Nace Mª Carmen Corredoira Ruíz de Baro, A Coruña. Pintora pertencente á xeración de 1916.	**19** 1962 Nace Maitena Inés Burundarena en Buenos Aires. Coñecida como Maitena, é unha debuxante e guionista famosa polas súas tiras cómicas protagonizadas por mulleres.	**20** 1975 Falece Barbara Hepworth, escultora inglesa autora das primeiras esculturas abstractas feitas en Inglaterra, e unha das artistas máis influentes do século XX.	**21** 2002 Morre Niki De Saint Phalle, escultora, pintora e cineasta francesa.
22 1963 Nace Isabel Alonso Díez en Bata (Guinea Ecuatorial), artista plástica multidisciplinar.	**23** 2014 A artista galega Carla Andrade inagura en Bilbao a exposición *"Geometría de ecos"*, que presenta unha reflexión sobre a representación do vacío no espazo.	**24** DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES POLA PAZ E O DESARME 1966 Nace Nuria Román en Madrid, artista plástica: pintura, escultura, debuxo, instalación e fotografía.	**25** 1925 Nace Rosario Castellanos (México). Escritora, diplomática e promotora cultural, a súa obra narrativa colócase na 1ª liña da literarura mexicana do século XX.	**26** 1831 En Granada, a heroína liberal Mariana Pineda é executada por garrote vil á idade de 26 anos.	**27** 1878 Nace Mª Jesús Alvarado Rivera en Perú, escritora, xornalista e precursora do feminismo moderno.	 **28** Día Internacional pola Saúde das Mulleres
29 1979 Morre Mary Pickford ,actriz canadiense que foi máxima figura do cinema mudo.	**30** 2021 Maribel Nazco, artista plástica de La Palma, recibe o *Premio de Canarias de Belas Artes*.	**31** 1903Nace Margarita Bertheau Odio en Costa Rica. Foi artista e promotora cultural. Cursou estudos de pintura e ballet en Cuba.	1 XUÑO	2 XUÑO	3 XUÑO	4 XUÑO

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais
STREET ART



Shamsia Hassani

«A coñecida artista de rúa de Afganistán retrata mulleres afgás que se enfrontan ás ameazas dos talibáns. A pesar do perigo, segue resistindo co seu traballo».

dw.com/es/latgrafitera

María Peña Coto

«A través desta expresión artística urbana, *"La Mujer Migrante"*, gustaríame visibilizar a voz e o protagonismo das mulleres migrantes, frecuentemente esquecidas e victimizadas».

mapecoo.com/street-art

Katharina Cibulka

«Ela bordou na parede da Academia de Belas Artes de Viena: *Mentres o mercado da arte sexa un club de rapaces, serei feminista*».

www.itsnicethat.com/news/katharina-cibulka

XUÑO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
29 MAYO	30 MAYO	31 MAYO	1 2003 Carmela García, fotógrafa nada en Lanzarote, recibe o Premio á Mellor Publicación polo seu libro fotográfico *"Mujeres, amor y mentiras"* por PhotoEspaña.	2 1928 Falece Adela Zamudio, escritora bolivariana que foi unha fervente defensora da liberdade de cultos e do dereito das mulleres a ter autonomía na súa vida.	3 1954 Nace Dulce Chacón foi unha escritora e poeta española. O tema central da súa obra é a represión franquista, e de xeito especial, a situación das mulleres.	4 1986 Nace Anna Llorens Bagur en Ciutadella, Menorca. Identifícase co artista emerxente formado na crítica xeración perdida española de principios do século XXI.
5 2020 No 122 aniversario do nacemento de Lorca, Mar Garrido Román, vídeo artista protagoniza "5 ás 5"	6 1941 Nace Liliana Porter, artista arxentina contemporánea que reside en New York dende 1964.	7 1876 Nace Encarnación Bustillo Salomón en Burgos. Pintora que cultivou o xénero costumbrista, a paisaxe e as naturezas mortas.	8 1956 Falece Marie Laurencin (1883 París). Pintora, gravadora e deseñadora teatral francesa da vangarda cubista, vinculada ao grupo de *Puteaux*.	9 1871 Morre Anna Atkins, Inglaterra. É considerada a primeira muller fotógrafa e a primeira persoa en publicar un libro unicamente de imaxes fotográficas.	10 2020 Tamara García, Santander 1980, recibe o premio artístico do goberno de Cantabria.	11 1815 Nace Julia Margaret Cameron, fotógrafa inglesa que se dedicou ao retrato fotográfico de corte artístico.
12 1899 Nace Annie Albers en Alemania, foi deseñadora textil, texedora, pintora e deseñadora.	13 2010 Finaliza a Exposición *"Celebración"* de Cristina Temes, artista de Santa Cruz de Tenerife, na Sala de Arte Contemporáneo. Emprega gran variedade de materiais nas súas obras.	14 2013 Shamsia Hassant, artista afgana, realiza un mural na Unión Obrera de Ginebra con mulleres migrantes víctimas de violencias albergadas en fogares de emerxencia.	15 2018 Pilar Catalán Lázaro, artista visual aragonesa, expón nunha entrevista o seu activismo feminista e o seu papel nas novas tecnoloxías.	16 1988 A escultora Paz Santos, soriana, constitúe a Asociación Lakoma en Madrid, onde exerce de mestra de arteterapia. 1968 Nace Dolça Quesada Magro en Elche, pintora e deseñadora.	17 1914 Nace María Luisa Fernández Casielles en Oviedo, principal representante asturiana do estilo naif.	18 1949 Nace Eulàlia Grau en Terrassa (Barcelona), artista cun profundo compromiso ético e moi significativa dun período como foi o da ditadura de Franco ata a primeira transición.
19 DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACION DA VIOLENCIA SEXUAL NOS CONFLICTOS.	20 1954 Nace Georgina Cisquella en Barcelona, xornalista e guionista de documentais, como *"Hotel explotación: las kellys"*.	21 Día INTERNACIONAL pola EDUCACIÓN NON SEXISTA 1962 Nace Pipilotti Rist en Suiza, coñecida videoartista pola súa obra colorista na que emprega a mesma linguaxe que a industria visual.	22 2018 Mercedes Prieto Melero en Palencia presenta o seu collage *"Ha sido una niña"* onde pon en evidencia os estereotipos culturais que nos marcan dende que nacemos.	23 2021 Réndeselle homenaxe a Teresa Correa, fotógrafa nada en Las Palmas de Gran Canaria, no ciclo *"Más que musas. La mujer en la cultura canaria"* na Casa- Museo León y Castillo.	24 1964 Nace Carmen Montoro Cabrera en Jaén, artista plástica e docente.	25 1985 Nace Carmen PG Granxeiro en Lugo, artista multidisciplinar que recibiu o "Premio Especial Biznaga de Plata Afirmando los derechos de las mujeres" en 2019 no Festival de Cine de Málaga.
26 2021 Inaugúrase a exposición *"Un Punto Fijo para Orientarse"* na Fundación Miró de Mallorca da artista Shirin Salehi (Irán) especializada en gravado e grafía contemporánea.	27 2018 Morre Covadonga Romero Rodríguez, escultora e pintora, pioneira da vangarda feminina asturiana.	28 Día Internacional do Orgullo LGTBIAQ+ 2021 Silvia Rodríguez Pena (Sax), grafiteira galega, participou no primeiro festival de arte urbano con perspectiva de xénero en Europa.	29 1957 Nace Ouka Leele, fotógrafa madrileña, ademais de pintora e poeta. Icónica fotógrafa da Movida Madrileña.	30 2005 Proclámase a "Lei de reforma do código civil" que permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. 2015 Morre Maruja Moutas Merás , pintora asturiana que definía o seu estilo como "impresionismo lírico".	1 XULLO	2 XULLO

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais
GRAVADO



Liliana Porter
«Pioneira da arte conceptual, é unha das artistas vivas máis populares e valoradas».
metalocus.es

Isabel Oliver Cuevas
«O seu traballo marcado por unha preocupación feminista que revelaba na súa obra situacións incómodas sobre as mulleres na sociedade».
artedecercanias.com

1/3

Mary Cassat
«Coñecida pola súa serie de cadros e gravados con nais e fillos, aínda que tamén explora outros aspectos da vida social e privada das mulleres».
aboutespanol.com

Marina Anaya
«Obras sen libros de instrucións. Que se poden entender antes co corazón que coa cabeza».
marinaanaya.com

PAM RANILLA

XULLO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	Sábado	Domingo
26 XUÑO	27 XUÑO	28 XUÑO	29 XUÑO	30 XUÑO	1 1951 Nace Teresa Lanceta Aragonés en Barcelona. Traballou e investigou sobre a arte textil en Marrocos.	2 1931 Clara Campoamor e Victoria Kent son acreditadas como Deputadas da II República.
3 1867 Nace Carolina del Castillo y Díaz en Xixón, notable retratista e primeira muller asturiana que se atreveu a pintar modelos espidas.	4 1846 Nace Laureana Wrigth de Kleinhans en México, escritora, xornalista, fundadora e directora en 1884 da revista feminista *"Violetas de Anáhuac"*.	5 1940 Nace Teresa Eguibar en Madrid, escultora recoñecida internacionalmente polo seu traballo e as súas diversas etapas na súa traxectoria artística.	6 1907 Nace Frida Kahlo en Cidade de México, pintora cuxa obra xira ao redor da súa biografía e o seu propio sufrimento.	7 2012 Allende Bodega, artista pintora e ilustradora burgalesa, gaña o 17º Premio AXA de Pintura. Tamén foi nominada aos Premios Goya pola curta de animación *"Atención al cliente"* en 2008.	8 1593 Nace Artemisia Lomi Gentileschi en Roma. Pioneira caravaggista italiana, era a súa propia axente e administradora da súa obra, na que predominan as mulleres-símbolo.	9 1963 Nace Puerto Collado en Santoña (Cantabria). Compaxina o traballo de dirección artística en cinema e TV coa súa actividade plástica como pintora e gravadora.
10 1990 Nace Lola Vendetta (Raquel Riba Rossy) en Igualada (Barcelona). Debuxante e ilustradora creadora da famosa personaxe de cómic *"Lola Vendetta"* que critica a invisibilidade das mulleres.	11 2003 Durante o cume da Unión Africana en Maputo, Mozambique, este Organismo adopta o Protocolo dos Dereitos da Muller en África.	12 Día de Malala 1931 Nace Nan Hoover, artista estadounidense-neerlandesa, pioneira en videoarte e performance.	13 1993 Carmen Alborch é nomeada ministra de cultura. 1936 Nace Joan Jonas en Nueva York, artista visual e pioneira na arte performance e vídeo.	14 1947 Nace Teresa Blanco del Piñal en Santander, os seus primeiros pasos na arte desenvólvense no mundo do retrato no que destaca durante varios anos.	15 2022 Edurne Rubio Barredo, burgalesa, traballa o eido da performance, o cinema, a arquitectura e o espazo público. Expón no *ARTIUM* de Vitoria.	16 1987 Nace Carme Gomila en Maó. Actualmente traballa na creación de audiovisuais e desenvolvendo proxectos ao redor de tecnoloxías e feminismos. 1917 Nace Carmen Arozena en Santa Cruz de la Palma, Pintora e gravadora.
17 1987 Nace Sara Álvarez Tomé en León. Ilustradora do Calendario *"Tempo de mulleres. Mulleres no Tempo. Mulleres creadoras de ciencia 2016"* da Organización de Mulleres da CI.	18 1881 Nace María de Maeztu, impulsora da educación feminina coa Institución Libre de Ensinanza 1943 Nace Marisa González, Bilbao. Artista clave no feminismo e na arte electrónica.	19 1972 Nace Zanele Muholi, fotógrafa e activista surafricana.	20 1939 Nace Judy Chicago, pintora, escultora, educadora, escritora e pioneira da arte feminista estadounidense.	21 1953 Nace María Dolores Mula en Vila del Cecs (Barcelona). Trasládase a Elche en 1969, converténdose nunha artista visual de éxito.	22 1922 Nace en Ribadeo (Lugo) Luz Pozo Garza poeta e docente.	23 2003 Regina Galindo, artista plástica guatemalteca, realiza unha performance percorrendo as rúas do centro histórico da capital cun caldeiro cheo de sangue humana.
24 1969 Nace Sabela Arias Castro en Lugo. Ilustración, pintura, gravado, deseño, uso de espazos, a súa obra varía constantemente na procura de sensacións cromáticas puras.	25 1920 Nace Rosalind Elsie Franklin en Londres. Obtivo a famosa fotografía 51 da estrutura helicoidal da molécula do ADN.	26 1931 Nace en Barcelona a artista Isabel Bas Amat, que formou parte do reducido grupo de mulleres que debuxaron na revista *TBO* nos anos 70.	27 2005 Morre Pepa Osorio Ordóñez, pintora e escritora asturiana. 2011 Morre Mª Elena Fernández-Gago. artista galega que formou parte da xeración de artistas que renovou a pintura galega na década dos 60 no século XX.	28 1932 Morre María Gil Roësset, escultora, ilustradora e poeta española. Enmárcase na Xeración do 27.	29 1943 Nace Martha Rosler en Brooklyn (Nueva York), unha das artistas máis influentes da súa xeración. Traballa diversos formatos artísticos.	30 2003 Morre Jude Milhon, artista estadounidense pioneira no uso das novas tecnoloxías na década de 1970.
31 1914 A Alianza Internacional polo Voto da Muller entrega un petitorio ao Ministerio de Relacións Exteriores en Gran Bretaña e aos embaixadores estranxeiros en Londres.						

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais
FOTOGRAFÍA



María García del Moral

«Primeira muller fotógrafa en Santander e unha das poucas que exerceu a súa profesión na comarca».

eldiariomontanes.es

Carmela García

«As súas fotografías céntranse no mundo feminino. Representa escenas nas que a perspectiva masculina está ausente, sendo as mulleres as únicas protagonistas dos mundos idealizados que narra na súa obra».

wikipedia.org

Zanele Muholi

«A maior parte da súa vida pasouna en Sudáfrica tratando de erradicar a intolerancia cara á sociedade homosexual de pel escura».

wikipedia.org

AGOSTO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
31 XULLO	1 1910 Nace Gerda Taro en Alemania. Considérase a primeira foto-xornalista muller. 1949 Nace M. Antònia Noguer Barceló en Llucmajor, pintora artística e mestra en pintura ao óleo.	2 1928 Nace Jane Millares en Las Palmas de Gran Canaria, pintora autodidacta. Dende a infancia amosou a súa afección artística, primeiro coa modelaxe en barro e logo co debuxo.	3 1843 Nace Isabel Vilà, considerada a primeira muller sindicalista catalana.	4 1983 Nace Greta Gerwig, actriz, directora e guionista estadounidense. Gran talento recoñecido nos Óscar por *"Lady Bird"*.	5 1962 Nace en Noia (A Coruña) Ana Romaniu, escritora e xornalista, membro da RAG.	6 1991 Nace Inés Ávalos Víchez en Jaén, ilustradora do calendario da Organización de Mulleres da CI, *"Tempo de mulleres, mulleres no tempo. Mulleres no cinema 2022"*.
7 1961 Falece Benjamina Miyar Díaz, en Corao, Asturias. Fotógrafa republicana que retratou a sociedade rural. 2015 Xela Area, ceramista de Pontevedra, inaugura a súa exposición "Alumeando a Rosalía", dedicada a Rosalía de Castro.	8 1988 Nace Paula Vallar Gárate en Santander. Foi seleccionada no catálogo de ilustración Iberoamericana *"Ilustra 2021"*.	9 1888 Nace Benjamina Miyar Díaz, en Corao, Asturias, fotógrafa republicana que retratou a sociedade rural.	10 1974 Nace María Moldes en Pontevedra, fotógrafa á que non lle importa o medio, senón amosar a sociedade na que lle tocou vivir, como a ela lle gustaría que fose.	11 1972 Nace Julita Romera Alonso en Soria, ilustradora e pintora. O seu lema: *"Cando saes da globalización TODO é posíbel"* 1961 Nace Paka Antúnez, Córdoba. Artista feminista que utiliza a arte como vehículo de crecemento persoal.	12 1961 Nace Pilar V. Foronda en Pontevedra, artista contemporánea especializada en escultura e activista do movemento feminista.	13 1962 Nace Gracia Querejeta en Madrid, cineasta española que foi nominada a diversos premios Goya en 2007 polo seu filme *"7 mesas de billar francés"*.
14 1899 Nace Alma Reville, actriz e asistente de dirección cinematográfica inglesa.	15 1938 Nace Maribel Nazco, artista plástica canaria cunha dilatada traxectoria que destaca polo uso de diferentes técnicas e temáticas.	16 1972 Falece Concha Mori de Xixón, pintora con mención honorífica na Exposición Nacional de Belas Artes de 1906 e 1908.	17 1916 Nace Pino Ojeda en Las Palmas de Gran Canaria. Foi pintora, escultora, poeta e galerista.	18 1920 Recoñécese o dereito ao voto ás mulleres en EEUU. 2021 Entrevistan na Cadena Ser á ilustradora murciana Ilu Ros. Mula. Ilustradora do libro *"Federico"*.	19 1975 Elena López convértese na segunda muller integrante da Sociedade Cubana de Historia da Medicina.	20 1960 Nace Nieves Correa en Madrid. Realiza performance e accións que desenvolve en contextos artísticos que alterna coa instalación, a arte pública, o vídeo creación e arte electrónica.
21 1964 Nace, en Ciutadella, Eperança Camps Barber, xornalista de TV, escritora e política menorquina.	22 1950 Nace Marisol Carnicero, burgalesa, primeira muller en España en exercer a responsabilidade de dirección de produción.	23 1909 Chega a Melilla Carmen de Burgos *"Colombine"*, primeira muller corresponsal de guerra.	24 1552 Nace Lavinia Fontana, Bolonia (Italia). Foi unha pintora italiana do manierismo tardío, primeira muller dedicada profesionalmente á pintura.	25 1910 Nace Dorothea Tanning en Nueva York, pintora, ilustradora, escultora e escritora. Tamén deseñou decorados e traxes para ballet e teatro.	26 1973 Falece Maria de las Mercedes Negrón Muñoz, tamén coñecida como Clara Lair, poeta portorriqueña cuxa obra se caracteriza por retratar os avatares da vida no seu país.	27 1976 Nace Mónica Navarro Martínez en Granada, artista recoñecida polas súas performances.
28 2009 Falece Rosario Ustáriz Borra, escritora aragonesa.	29 1942 Nace Angiola Bonanni en Roma, escultora e artista visual feminista residente en Madrid. As súas obras tratan dous temas principais: a inmigración e a situación das mulleres.	30 1960 Morre María Galán Carvajal, pintora asturiana cuxos interiores e retratos reflicten un especial dominio do debuxo e un moi persoal emprego da cor.	31 1870 Nace María Montessori, médica e pedagoga.	1 SETEMBRO	2 SETEMBRO	3 SETEMBRO

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais

VIDEOARTE E ARTE DIXITAL



Evelin Stremitz

«Fundadora do Proxecto ArtFem.TV en 2008 para promocionar os traballos e proxectos artísticos de mulleres artistas nun portal internacional de vídeos en liña».

wikipedia.org

María Ruído

«Hoxe un referente do audiovisual feminista e documental español».

sietedeungolpe.es/maría-ruido

Marta L. Lázaro

«Videoarte que honra ás mulleres rurais. Reúne en "Gradma" unha lembranza iluminada dos oficios perdidos que se ocupan do coidado colectivo e que recaeron sobre as avoas».

cartv.es

SETEMBRO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tiempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
28 AGOSTO	29 AGOSTO	30 AGOSTO	31 AGOSTO	1 1963 Nace Berta Cáccamo en Pontevedra. A súa pintura é abstracta e conceptual, dentro da non figuración, con amplas manchas de tons enxordecidos e dominio de cores ocre e negro.	2 2021 Aina Pla Planas (Maó 1984) foi elixida comisaria da exposición de Rescate Cultural de Artistas Visuais en Menorca.	3 1996 Nace Hana Makhmalbaf, directora iraní moi recoñecida e premiada.
4 1791 en plena Revolución Francesa , a actriz e dramaturga Olympe de Gouges (1748-1793) fai pública a *"Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadanía"*	5  Aniversario do asasinato de Bertolina Sisa.	6 1993 Nace Xulia Vicente en A Coruña, ilustradora que publica o seu primeiro libro-cómic en 2016 *"Anna Dédalus: El misterio de la mansión quemada"*.	7 1955 Promúlgase en Perú a Lei do Sufraxio Feminino.	8 1917 Nace Covadonga Romero Rodríguez, escultora e pintora pioneira da vangarda feminina asturiana. 1652 Nace Luisa Ignacia Roldán en Sevilla, coñecida como "La Roldana", foi a primeira escultora española rexistrada.	9 1908 Nace Aurora Reyes considerada a primeira muller muralista de México.	10 1963 Nace Zulema Bagur en Maò (Menorca). Dedícase profesionalmente á arte dende 1996, realizando numerosas exposicións.
11 1997 Morre Ana Ros Miragall, mestra, escritora sindicalista e feminista.	12 1915 Nace Amparo Segarra Vicente en Valencia. Pintora especializada na técnica do collage e vinculada ao movemento do surrealismo.	13 1988 Morre Mª Teresa León, comprometida escritora republicana contra a guerra.	14 1966 Nace María José Castaño Rodríguez en Burgos, pintora, que en lugar de pintar do natural, é a natureza a que colle o pincel e crea os volumes na súa obra.	15 1890 Nace Agatha Christie en Inglaterra, considerada un clásico da novela policiaca.	16 2021 Inaugúrase a exposición *"Expuestas para invisibles"* de Laura Marte (Barcelona 1976), que reivindica e defende o traballo das camareras de piso.	17 1982 Nace Julia Botanz Guimerá, cantautora e artista canaria que defende a escola pública, os seus valores e calidade. 2020 Pamen Pereira artista de Instalaciones de A Coruña, inagura la exposición *"Rewied"*, fruto de varios viajes a África.
18 2018 Inagúrase a exposición individual da artista burgalesa Concha Sáez del Álamo na Universidade de Murcia.	19 1937 Nace Esther Ferrer en San Sebastián, muller pioneira en usar a performance para transgredir a arte.	20 1946 Nace Judith Francisca Baca en Los Ángeles, artista e activista de orixe mexicana considerada unha das principais muralistas estadounidenses.	21 1969 Nace en Monforte de Lemos (Lugo) Teresa Moure escritora de novela e ensaio.	22 1950 Nace Isabel Jurado Cabañes en Madrid. As súas obras están repartidas por importantes museos de toda España.	 23 Día Internacional contra a Explotación Sexual, a Trata e o Tráfico de Mulleres e Menores con fins de Explotación Sexual.	24 2018 Luz Darriba, artista uruguaia, recibe o Premio Cultural Galega 2018 na modalidade de Artes Plásticas.
25 2015 Falece Amparo Cores Uría, pintora ovetense que recibiu a Medalla de Plata de Asturias en recoñecemento ao difícil traballo das creadoras plásticas da vangarda asturiana do s. XX.	26 1907 Falece Rosa Castellanos, escrava bayamesa que loitou pola liberación da poboación negra.	27 1980 Nace Natalia Rey (Pirusca) en Pontevedra, que coas súas ilustracións pretende crear mundos alegres para robar un sorriso. 1968 Nace en Sevilla Pilar Albarracín. Recoñécese como unha das artistas españolas máis controvertida.	28 DÍA POLOS DEREITOS Y SEXUAIS E REPRODUTIVOS E A DESPENALIZACIÓN DO ABORTO	29 2021 Verónica Soto Sánchez (La Tonta del Bote) artista graffitera de renome internacional inaugura en Granada *"La gran muralla de La Chana"*, a súa obra colectiva de 100 metros realizada xunto a 33 artistas.	30 2002 Falece Mirta Botta, escritora, narradora, ensaísta e fundadora de Sudestada (Asociación de escritoras de Buenos Aires).	01 OUTUBRO

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG



OUTUBRO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
25 SETEMBRO	26 SETEMBRO	27 SETEMBRO	28 SETEMBRO	29 SETEMBRO	30 SETEMBRO	**1** 1931 Apróbase polas Cortes o voto feminino en España, defendido por Clara Campoamor.
2 1980 Nace Marina Rodríguez Vargas en Granada. A súa linguaxe artística céntrase na iconografía clásica, o sacro, a mitoloxía baixo unha ollada comprometida feminista.	**3** 1906 Nace a pintora e escritora Francisca Spínola en Teguise (Lanzarote).	**4** 2017 Recibe a Placa ao Mérito Artesán a tapiceira e mestra artesá Cinta Caro Rodríguez, de Azuqueca de Henares, Guadalajara.	**5**	**6** 2021 Ana Lilia Martín, escultora nada en Tenerife, inaugura a súa exposición *"El cuerpo infinito"* no Espazo Cultural S/T en Las Palmas de Gran Canaria.	**7** 2009 Ana Himes ilustradora e fotógrafa burgalesa expón no Espazo Tangente de Burgos. 1967 Nace Teresa Cajaraville, artista extremeña interdisciplinar especializada en arte electrónica, audiovisual e instalación.	**8** 1970 Nace Mónica López Alonso en Lugo. A través de debuxos, esculturas, maquetas ou instalacións e, mediante o xogo coa cor e o espazo crea unhas obras que conteñen mensaxes cifradas de carácter social.
9 1961 Morre Elvira Santiso, pintora galega que utilizou esquemas compositivos propios do Impresionismo e do Modernismo. 1953 Nace Sophie Calle, artista conceptual francesa.	**10** 2019 Laura Pato, ilustradora galega, publica *"No me regales bombones"*, recopilación de debuxos, frases e ocurrencias coas cales cuestiona o amor romántico e nos amosa o que realmente é para ela o amor verdadeiro.	**11** DÍA DAS NENAS 2019 Ana María Rubio Descalzo, ceramista de Villarrobledo (Albacete), recibe a Placa ao Mérito Artesán do Gobierno de Castilla-La Mancha.	**12** 2016 María Oriza Pérez, ceramista arandina, participa no 47º Congreso da Academia Internacional de Cerámica (AIC).	**13** 2015 Ana Escalera Ortiz, fotógrafa extremeña, inicia a súa reportaxe fotográfica no Sahara, onde pretende visibilizar a evolución de catro xeracións de mulleres saharauís.	**14** 1906 Nace en Alemania Hannah Arendt, unha das intelectuais máis importantes do século XX.	**15** Día da Muller Rural 2021 Marina Anaya, artista multidisciplinar, inaugura a súa exposición "Circo Marte". As súas obras están cheas dunha alegría sincera.
16 1931 As Cortes españolas establecen o divorcio de mutuo desenso ou a petición de calquera das partes con condicións. 1987 Nace Ana Penyas en Valencia, ilustradora e debuxante cómica.	**17** 1974 Nace Paca Florit en Ciutadella, artista dedicada á pintura e ao gravado, traballos polos que recibiu numerosos premios.	**18** 2009 Morre Nancy Spero, Estados Unidos, artista recoñecida internacionalmente pola súa loita feminista e activista con outras causas como a guerra de Vietnam.	**19** 1997 Falece Pilar Miró, directora de cinema, teatro e televisión española.	**20** 1970 Nace Almudena Fernández Fariña en Pontevedra, artista plástica abstracta e profesora da Universidade Galega. A súa pintura é de concepción abstracta, aínda que con referencias formais.	**21** 1968 Nace Claudia Árvena, Santiago de Chile, artista visual, curtametraxista e catedrática que fixo incursións na arte contempoaránea.	**22** 1973 Nace Judith Prat en Huesca, fotógrafa e documentalista feminista. 2010 Ángela de la Cruz, artista galega, recibe o premio Turner Prize, que é o premio máis coñecido de arte do Reino Unido.
23 2014 Falece Beatriz Guttmann Goldberg de Castellón de la Plana, pintora e profesora referente da pintura abstracta valenciana.	**24** 1983 Créase en España o *Instituto da Muller*.	**25** 1984 Nace Claude Cahun en Nantes (Francia), fotógrafa e escritora moi intimista, poética e con moitos trazos autobiográficos.	**26** 2021 Asunción Tébar Córcoles, ilustradora albaceteña, gaña o primeiro premio en Premios *XXXI Concurso cómic 2021* do Concello de Albacete.	**27** 1932 Nace en Boston a poeta Sylvia Plath. A escravitude da condición feminina e a paixón da inspiración poética foron temas recurrentes na súa literatura.	**28** 2014 A escultora cántabra Gema Soldevilla protagoniza a actividade *"Espacio interior"* no Museo de Arte Moderno e Contemporáneo de Santander.	**29** 2016 Ana Galvañ, artista murciana, recibe un dos premios *Gràffica 2016*. 1964 Nace Consuelo Matesanz Pérez en Cantabria, artista visual e profesora de Belas Artes na Universidade de Pontevedra.
30 2021 María Gar, artista galega, recibe o premio de Xuventude Crea 2021 pola súa creación *"Fragmentos de una erosión"* na categoría de fotografía.	**31** 2020 Ana Prada, escultora nada en Zamora. Inaugura no Museo de Arte Contemporáneo de Castela e León a exposición *"Todo es otro"*.					

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres


CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais

PERFORMANCE



Pilar Albarracín

En palabras da crítica de arte Rosa Martínez Delgado: *«Pilar revela o drama das estruturas de dominación e destaca a violencia exercida sobre as mulleres».*

rosamartinez.com

Valie Export

Artista feminista. É unha das pioneiras na análise das políticas de xénero. Na súa creación abórdanse cuestións como a identidade, o sexo e o corpo como medio de expresión e linguaxe.

wikipedia.org

Esther Ferrer

Ela comentou nunha entrevista que o único que lle interesa é *«non traizoarme tanto nas miñas convicción sociais e políticas como nos meus ideais feministas».*

tribunafeminista.org

NOVEMBRO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
30 OUTUBRO	31 OUTUBRO	**1** 1987 Nace Meeri Kountaniemi en Finlandia, fotógrafa e xornalista coñecida polas súas reportaxes e retratos sobre dereitos humanos, minorías e empoderamento.	**2** 1928 Nace Luisa Josefina Hernández Lavalle en México, destacada dramaturga e novelista considerada precursora do teatro de protesta.	**3** 2017 Alba Castillo (Pontevedra) inagura en Ourense *"Umami"*. Basa su obra en la figura femenina.	**4** 2021 Lúa Ribeira, fotógrafa documental galega que presenta a súa primeira exposición individual na súa terra, "Profundar". É a terceira española que ingresa na emblemática axencia internacional de fotografía *Magnum*.	**5** 1807 Falece Angelika Kauffmann, pintora austrosuiza especializada na técnica do retrato.
6 2021 Carmen G. Palacios e Manuela Martínez Romero participan no III Encontro de Arte Contemporáneo de Alarcón. Son as creadoras da Revista *LALATA*.	**7** 1911 Nace Ángeles Santos en Portbou, pintora e artista gráfica pertencente á Xeración do 27. En 2003 recibiu a Medalla de Ouro ao mérito ás Belas Artes.	**8** 1991 Morre Charlotte Moorman, artista estadounidense coñecida no mundo do fluxus (movemento artístico das artes visuais, literatura e danza) e videoarte.	**9** 1981 Nace Natacha Bustos en Ibiza, artista que viviu en Pekín onde perfeccionou a técnica en pincel e en tinta, creando así un estilo propio.	**10** 1971 Nace Vicky Calavia, artista aragonesa que dende 2007 é a directora da mostra audiovisual *Proyectaragón*.	**11** 1997 Nace Elena Gómez Ortiz, ilustradora cántabra.	**12** 2021 María Medem, ilustradora de cómic sevillana. As súas imaxes teñen un carácter onírico e amosan un aspecto estraño da realidade.
13 1999 Nace Rocío García Ruiz, ilustardora e cineasta de Huelva. O seu estilo é inconfundíbel. 2020 Ana Teresa Ortega Aznar, artista alicantina, recibe o Premio Nacional de Fotografía.	**14** 2018 A escultora e pintora canaria, Rosa Hernández, inaugura a súa exposición *"Estancias"* no Espazo Cultural CajaCanarias de la Laguna.	**15** 1887 Nace Georgina O'Keeffe en (Wisconsin), artista coñecida polas súas pinturas de flores, rascaceos de Nueva York e paisaxes de Nuevo México.Recoñecida como a nai do modernismo de Estados Unidos.	**16** 1625 Falece Sofonisba Anguissola, pintora renacentista italiana. A calidade dos seus gravados, o clasicismo naturalista e a paleta de escuros permitíronlle adquirir sona internacional como artista.	**17** 1908 Nace Manuela Ballester en Valencia, artista multidisciplinar pertencente á Xeración Valenciana dos 30.	**18** 1948 Nace Ana Mendieta en La Habana, Cuba. Especialmente recoñecida polas súas obras de arte e performances no marco do land art (arte terrestre).	**19** 2019 Analía Beltrán y Janés, artista castellonenca, realiza a performance *"Mis Espinas"* no ciclo: *"El poder a través de la normalidad de las violencias"*.
20 1836 Nace Isabel-Abad y Francés en Alcoy (Alicante), pintora que na exposición en Valencia de 1860 presentou unha *"Herodías"* de tamaño natural e gañou unha medalla de plata.	**21** 1850 Nace Salomé Ureña en Santo Domingo, poeta e educadora recoñecida pola súa defensa a favor dunha mellor educación para as mulleres.	**22** 2007 Morre Lola Massieu, nada en La Angostura. Gran Canaria. Pintora cuxa traxectoria foi recoñecida co Premio Belas Artes e Interpretación en 1990, sendo a primeira muller en recibir este galardón.	**23** 1900 Nace Delia Weber, narradora e pintora. Foi defensora dos dereitos das mulleres participando na directiva de Acción Feminista Dominicana.	**24** 1917 Nace Rosa Galcerán Vilanova en Barcelona. Debuxante de historietas, publicista e poeta. Como debuxante de cómic foi pioneira nun mundo masculinizado.	**25** **Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra a Muller**	**26** 1939 Nace AteyyatEl Abnoudy en Egipto. É considerada unha das directoras de cinema pioneiras do mundo árabe.
27 1928 Nace María Belén Morales en Santa Cruz de Tenerife. Escultora e pintora que en 1965 organizou a 1ª Exposición de mulleres artistas nas illas e a segunda en España.	**28** 2019 P. Nitas, ilustradora feminista, presenta unha nova entrega do seu proxecto para visibilizar a colectivos de mulleres afganas.	**29** 1967 Nace María Dolores Velasco, artista que en 2007 recibe o premio ao mellor guión orixinal pola obra *"Urgencia de Alma"* no Festival de Teatro Local.	**30** 1946 Nace Marina Abramóvich en Belgrado (Yugoslavia). A súa obra explora, a través da performance, a relación entre artista e audiencia.	1 DECEMBRO	2 DECEMBRO	3 DECEMBRO

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Artistas visuais

ARTE TÉXTIL



Victoria Gaytán

«É unha persoa comprometida e solidaria que presta o seu apoio ás máis diversas causas humanitarias».

victoriagaytan.net

Anni Albers

«As achegas desta artista no eido téxtil transcenderon ás nocións de artesanía e o traballo do xénero feminino».

arquitecturaydiseno.es

Teresa Lanceta Aragonés

«Ela investigou a arte popular téxtil en Marrocos, o traballo das mulleres na industria do tabaco e a alfombra española do século XV».

wikipedia.org

DECEMBRO 2023

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
27 NOVEMBRO	28 NOVEMBRO	29 NOVEMBRO	30 NOVEMBRO	1	2	3
				1962 Nace Rotmi Enciso en México, artista feminista que trata case todos os eidos artísticos.	1972 Nace Alicia Puchades en Lugo, licenciada en Belas Artes na especialidade de Gravado. Artista e profesora, participou en numerosas exposicións.	1955 Morre María Izquierdo, pintora, primera artista mexicana que presentou a súa obra en Nueva York en 1939.
4	5	6	7	8	9	10
2003 Morre Dulce Chacón, novelista, defensora dos dereitos das mulleres e da paz.	1979 Falece Sonia Delaunay (1885 Ucrania). Desenvolveu a súa obra en Francia e foi unha das grandes representantes da arte abstracta.	1996 Madalene Albright é nomeada Secretaria de Estado. Primeira muller que asume a condución da diplomacia de EEUU.	1966 Nace Lucía Etxebarría, escritora vasca.	1864 Nace Camille Claudel en Francia, unha das escultoras máis brillantes de finais do século XIX dentro do impresionismo e o realismo.	1880 Nace María Galán Carvajal, en Avilés. Os seus interiores e retratos reflicten un especial dominio do debuxo e un moi persoal emprego da cor.	2020 Marivi Ibarrola, fotógrafa e xornalista rioxana da Movida, pecha a serie de charlas *"Emergents al Palau"*. 1980 Nace Paula Bonet en Villarreal (Castellón), artista e escritora feminista.
11	12	13	14	15	16	17
2010 Falece María del Villar Mateo de Arenaza, pintora galega. Primeira muller presidenta da Real Academia Galega de Belas Artes. O retrato, as flores e as paisaxes foron principais motivos da súa pintura.	1942 Nace Amparo López Jean, activista galeguista, sufraxista e presidenta da Agrupación Republicana Feminina de La Coruña.	1972 Nace Eva Poyatos en Cartagena, Murcia. Gústalle utilizar as súas mans para crear e a súa mesa de taller sempre está chea de diversos materiais para as súas creacións artísticas.	2015 Falece Elena Asins, artista madrileña. É considerada a nai da arte conceptual.	2017 Susana Blasco, natural de Zaragoza, deseñadora gráfica, ilustradora e artista de collages, recibe o *Premio Gráfica 2017*.	1908 Nace Remedios Varo Anglés en Girona, pintora surrealista, escritora e artista gráfica.	2014 Tatiana Medal, pintora galega, inaugura a súa exposición *"Composición 1961"*. Idealiza na súa obra un mundo fantástico de arquitecturas insinuadas, puramente lineais. 1968 Nace Araceli Guedak, fotógrafa cántabra.
18	19	20	21	22	23	24
2021 Inaugúrase a exposición de Diana Bustamante, artista nada en Madrid e criada en Ibiza, *"Desde el mar"*, en Mallorca.	1937 Nace Esther Ferrer Ruiz en San Sebastián, artista multidisciplinar centrada na performance e considerada unha das mellores artistas da súa xeración.	1977 Nace Anna Llenas, ilustradora e deseñadora gráfica catalana, autora do conto *"O Monstro de Cores"*. 1957 Nace Mª Luisa Bajo en Madrid, pero reside en Tenerife. Profesora e artista exerce na Facultade de Belas Artes da Universidade de La Laguna.	1937 Nace Jane Fonda, actriz estadounidense liberal e feminista, cunha longa e profífera traxectoria no cinema.	1978 Nace Sandra Bastón, artesá textil galega con taller propio. Participou en numerosas mostras de artesanía galega.	1976 Nace Lula Gómez en Buenos Aires, realizadora e animadora de stop motion coñecida por su webserie feminista *"Eres una caca"*.	1922 Nace a actriz estadounidense Ava Gardner, considerada como un dos mitos do Sétimo Arte do século XX
25	26	27	28	29	30	31
1911 Nace Louise Bourgeois en Francia, artista e escultora francesa nacionalizada estadounidense, coñecida polas súas esculturas de araña. É unha das artistas máis importantes da arte contemporánea.	1975 Nace Céline Wagner, artista francesa que a principios da década de 2000 participou en colectivos experimentais de poesía e cómic no nivel narrativo.	1882 Nace Mina Loy, artista, poeta, novelista, ensaísta, feminista e deseñadora británica.	1958 Nace Amparo Marcano Godoy en Santander, artista que recibiu o Primeiro Premio de Escultura da Fundación Premios Mayte.	2020 Paz Muro, artista performance multidisciplinar, nada na década dos 30 en Cuenca, recibe a Medalla de Ouro ao mérito en Belas Artes.	1790 En plena Revolución Francesa, Etta Palm d'Alders pronuncia ante a Asemblea Federativa do Club de Amigos da Verdade o discurso: *"Sobre a inxustiza das leis a favor dos homes a expensas das mulleres."*	1986 Nace Raquel Córcoles en Reus, máis coñecida como Moderna de Pueblo, ilustradora e autora de cómics.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Actividades propostas

Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciondemujeres.org

xaneiro PINTURA

De 0 a 3 anos

Pintar con mans e pés. Preparamos caldeiros con pintura de dedos de diferentes cores, papel continuo sobre o chan e un pano húmido para que cada alumno/a poida limparse ao rematar. Experimentarán coas sensacións, o movemento, o seu esquema corporal e darán renda solta á súa imaxinación e creatividade. Engadir música de diferentes estilos pode motivar á hora de improvisar as súas creacións. Ao rematar deixar que seque o mural e colgalo na clase.

De 3 a 6 anos

Cada neno e cada nena prepárase para debuxar; sentadas con lapis, cores e papel, e baixamos as persianas de forma que a aula quede o máis escura posible. De fondo escoitaremos música de diferentes estilos que fará sentir ao alumnado distintas emocións, tanto positivas como negativas. Terán que tratar de plasmar as súas emocións no papel.

Ás escuras, ninguén xulgará o que están debuxando no papel, e isto impedirá que borren ou critiquen os seus traballos, o que lles dará liberdade para ser máis creativos.

Para rematar cada alumno e alumna explicará ao resto da clase como se sentiu debuxando na escuridade, as emocións que experimentou e fará a valoración da súa propia obra.

De 6 a 9 anos

O alumnado lerá a biografía de Maruja Mallo adaptada para nenos e nenas que atoparás no seguinte enlace:
nomecuentescuentos.com/maruja-mallo-la-pintora-surrealista-que-lanzo-al-aire-su-sombrero/

En base ao que teñen lido, proporémoslle que fagan un debuxo libre sobre como se imaxinan a Maruja ou sobre algunha das situacións que se relatan no texto. Colgaremos as obras do alumnado nas paredes da clase.

De 9 a 12 anos

Dividiremos a clase por parellas, cada parella elixirá unha obra da pintora Maruja Mallo. Podemos atopar varias na seguinte páxina web:
wikiart.org/es/maruja-mallo

Unha vez elixida a obra que máis lles inspire, escribirán un relato. A consigna será ser o máis imaxinativas posible. Cando os relatos estean listos e revisados, leranos en voz alta para o resto da clase. Podemos facer composicións con imaxes das obras e dos relatos para colgalas polas paredes da clase.



De 12 a 15 anos

Presentarlle ao alumnado unha situación ficticia na que teñan cartos suficientes para adquirir unha obra de arte feita por unha muller. Terán que facer unha escolla baseada nos seus gustos e preferencias, e levar a cabo unha investigación da vida e obra da autora, e do lugar no que está exposta dita obra. En grupo grande cada alumno e alumna exporá a súa elección, o que aprendeu sobre a autora, e as razóns polas que elixiu esa obra.

De 15 a 18 anos

No seguinte vídeo podemos ver a historia da arte explicada a nenos e nenas en 10 minutos:
youtube.com/watch?v=rUHxLrZwSIY

O alumnado verá o vídeo e anotará as referencias que se fagan a homes artistas e as que se fagan a mulleres artistas. É unha porcentaxe significativa? Por grupos pescudarán cada unha das épocas que se explican no vídeo e procurarán mulleres que sexan representativas de cada un dos momentos históricos relevantes para a arte. Como produto final farán un vídeo explicativo da historia da arte onde apareza un recoñecemento paritario das persoas que representaron os diferentes movementos artísticos.

Persoas adultas

Visionamos o seguinte documental, que dura aproximadamente unha hora, sobre a vida e obra da nosa protagonista do mes de xaneiro: rtve.es/play/videos/imprescindibles/imprescindibles-maruja-mallo/966721/

Unha vez visto o documental, xa que coñecemos un pouco máis á pintora, o alumnado distribuirase en varios grupos que simularán un fío de Tweets con opinións ou pensamentos de Maruja en base ás novas da actualidade (política, violencia machista, coeducación, etc.).

Podemos utilizar ferramentas TIC como getchirrapp.com que converte automaticamente os nosos textos nun fío de tweets.

febreiro ESCULTURA

De 0 a 3 anos

Actividade

Amósanse ao alumnado fotografías con obras de mulleres ceramistas. Falámoslles destas mulleres, da súa obra e dos materiais que utilizan para desenvolver o seu traballo. A cada nena e neno daránselles un cacho de arxila, manipularana para que noten a súa textura, cor, olor, ductilidade,.. logo realizarán unha obra que ao final da actividade se exporá para que as familias as vexan.

De 3 a 6 anos

Visita ao museo de escultura

A metodoloxía que se leva a cabo nas visitas ao Museo son: o xogo, o relato fantástico, a manipulación dos obxectos e a agrupación en pequenos grupos que van rotando de obradoiro (duración 30´). Estes recursos metodolóxicos facilítannos a conexión para fomentar a imaxinación, curiosidade e educar ao alumnadonos valores universais da arte no seu conxunto.

De 6 a 9 anos

1. Elaboración dunha autoescultura. Tomando unha foto de referencia, modelar con arxila ou barro ata obter un busto que representa a a fotografía.
2. O símbolo do feminismo. Trátase da construción dunha escultura que represente o símbolo da muller e o feminismo. Por exemplo o símbolo do feminismo de Frida Kahlo





3. Vexo e construío: Representación dun cadro *"As meninas"* de Velázquez con material de refugallo (rolos de cartón ou papel entre outros).

De 9 a 12 anos

Unha escultura para a entrada do colexio

Exponse ao grupo que o colexio recibiu tres proxectos de escultura para colocar na entrada do centro e que deben decidir a que consideren máis apropiada.

Amósanse as seguintes obras:

- Flor de invierno II. María Oriza, 2010. Cerámica. 57 x 25 x 28 cm elhurgador.blogspot.com/2016/05/maria-oriza-escultura.html
- Antinoo (Última Materia). Marina Vargas. 2015. Resina de poliéster, po de mármore e esmalte. 110cm x 90cm x 105cm. marina-vargas.com/obra-en.html
- Eyes, Louise Bourgeois, 2001 Bronce, pátina de ouro marrón e luces eléctricas. Dimensións: un ollo: 99 x 137.1 x 147.3 cm / 39 x 54 x 58 Segundo ollo: 86.3 x 147.3 x 121.9 cm / 34 x 58 x 48 hauserwirth.com/hauser-wirth-exhibitions/30635-louise-bourgeois-heart-reasons/


Por grupo ou parellas pídeselles que expliquen o que ven a priori e que lle poñan un título. Poden falar do que lles suxire e de se ven unha historia detrás. Deberán realizar con plastilina unha maqueta da obra que máis lles guste e explicar as razóns polas que a elixiron para estar no seu centro e se cambiou algo coñecer a información que se lles facilitou para tomar a decisión.




Miña nai é unha araña. "Araña" de Louise Bourgeois

Preséntase o seu traballo: que lles parece? Por que é tan grande? Quen a terá feito?... Transmíteselles que se chama MAMÁ e o nome da súa escultora. Míranse imaxes da MAMÁ.

Proponse a construción dunha MAMÁ. Pídeselles que fagan suxestións e que decidan entre todas as opcións que se poidan levar a cabo. Ficha de lectura cun breve fragmento da descrición que fai a escultora da súa obra. Pódese tomar como reflexión sobre as nais, o tear e a necesidade de que os arácnidos e insectos sexan protexidos.





De 12 a 15 anos

Comparativa de dúas obras de arte

- A Piedade de Miguel Anxo Buonarotti. Século XVI.
- A Piedade invertida, ou A nai morta; de Marina Vargas. Século XXI.

Observa con atención ambas obras de arte:

a. Que é o primeiro que che chama a atención?
b. Por que pensas que Marina Vargas altera os papeis tradicionais da cultura cristiá? Que pretende a autora con esta modificación? Xustifica a túa resposta.

Busca información de ambos artistas, do contexto no que desenvolveu Miguel Anxoa súa obra, e fai unha comparación co momento actual para entender por que Marina Vargas, escultora do século XXI, realiza esta obra. Reflexiona:

a. Pretende a autora humanizar a historia?
b. Que é máis natural, ver morrer a unha nai ou que se nos morra un fillo ou unha filla? Realiza un pequeno informe no que analices o obxectivo que reivindica a autora con esta obra.

De 15 a 18 anos

Obxectivo: A través da obra escultórica de Marina Vargas, en concreto de dúas das súas obras: *"Intra-Venus"* e *"A Piedade invertida"* imos estudar por que expresan a reivindicación do papel da muller na sociedade. Ela di: *"A arte non é só crear obxectos, senón xerar pensamento, é unha ferramenta de transformación social"*.

Metodoloxía:

- Tratamento da muller e os coidados: *A Piedade invertida*. O alumnado terá que facer unha reflexión sobre este traballo, poñela en común e despois levar a cabo un debate.
- Tratamento da muller e da enfermidade: *Intra-Venus*. O alumnado terá que buscar información sobre esta obra e a intención da autora ao esculpila. Que sentimentos e pensamentos atravesan ás mulleres ante a enfermidade?

Persoas adultas

Descubre as artistas do teu territorio

Pescudar e descubrir as artistas galegas que temos e facer unha breve exposición de algunha delas. Lugares onde expuxeron as súas obras, premios, temas tratados... para o posterior debate e posta en común.

Saída cultural

Propoñemos contactar con algunha Escola Superior de Arte e Deseño e concertar cita con algunha profesora que nos proporcione información sobre o papel da muller nas artes visuais. Se non é posible a saída, podemos facelo a través dunha videoconferencia.

marzo CERÁMICA

De 0 a 3 anos

Escoitas de referencias

Audiolibros: "Pequeña e grande Frida Kahlo". Despois do conto, poderán realizar unha actividade sensorial, na que a profesora lles entrega diferentes obxectos de cores distintas e brillantes para traballar texturas e cores (cos que a artista pintou). youtube.com/watch?v=fczxD1D5UVs

De 3 a 6 anos

Segue a pista da túa artista favorita!

Usando cinta ou fío de cores vivas, percorre a clase, pasando debaixo de cadeiras e mesas, ata atopar ao noso artista ao final do camiño. En cada sesión traballaremos con mulleres da nosa comarca. Repasaremos o seu nome, ou escribirano as e os maiores, e colorearémolo.

Para aumentar a diversión pódese configurar unha busca de arte e terán que asociar a obra coa artista correspondente.

De 6 a 9 anos

A finalidade desta actividade é coñecer o traballo que realizan un grupo de mulleres de Mota del Cuervo coñecidas como "cantareras". Para iso achegaremos un texto de fácil comprensión acompañado de fotografías que recollen o traballo que realizaron.

Ademais, a sesión completarase cun obradoiro práctico feito con barro no que os nenos e nenas terán que elaborar coas mans utensilios sinxelos de cociña como unha cunca e un prato.

O alumnado debe ler a noticia das "Cantareras de Mota del Cuervo". Antes da súa lectura sería moi útil situar xeograficamente a vila de Mota del Cuervo nun mapa de Castela A Mancha.

Actividade manual utilizando barro para facer unha cunca e un prato.

De 9 a 12 anos

Talavera, un museo ao aire libre

Na páxina do noso Calendario feminino dedicada á cerámica non podían faltar as cerámicas de Talavera de la Reina e El Puente del Arzobispo, concellos de Toledo dedicados en corpo e alma a este nobre oficio. Convidámosvos a ler o seguinte artigo e a ver o vídeo que nel aparece, para salientar a invisibilidade da muller en moitas profesións a pesar do gran traballo que realizaron nelas. No vídeo, unha veterana pintora oleira de Talavera, Amparo Hidalgo García, relata a súa vida dedicada a traballar nun prestixioso obradoiro.

Temas a tratar: O traballo que realizan as mulleres nos obradoiros. Indagar na vida e obra das mulleres que aparecen no texto e que forman parte da historia esquecida da olería.

cultura.castillalamancha.es/culturaenredclm/por-que-no-habia-maestras-ceramistas-en-talavera-de-la-reina-y-puente-del-arzobispo

De 12 a 15 anos

Cambia a historia

Lemos o artigo *"Las canteras de Mota del Cuervo"*: escueladeateneas.com/2021/11/las-cantareras-de-mota-del-cuervo.html

Vemos os papeis moi diferentes que tiveron homes e mulleres nesta actuación. Destacamos que o traballo artístico foi obra das mulleres, ademais do maior peso dentro de todo o proceso.

Despois convidamos ao alumnado a formar dous grupos. O primeiro grupo expresará nun pequeno teatro a historia das cacharreiras, é dicir, os rapaces asumirán os papeis de homes e as nenas os de mulleres, inventando algún pequeno diálogo duns 2-3 minutos. Pero o segundo grupo fará a actuación centrada en como pensan que podería ser esta historia se os papeis se repartisen tal e como foron distribuídos historicamente, é dicir, mulleres relegadas a un traballo con menos recoñecemento e homes centrados en tarefas relacionadas con máis prestixio.

A sesión 1 centrarase na lectura do artigo, na formación de grupos, na distribución de papeis e no inicio da preparación da pequena obra de teatro.

A sesión 2 consistirá en rematar a preparación da representación, realizala diante do resto de compañeiros/as e facer unha reflexión final e debate sobre as sensacións ou sospeitas que espertou a actividade.

De 15 a 18 anos

Un museo no meu instituto

A finalidade desta actividade é que o alumnado sexa consciente de que a cerámica é unha arte na que se recoñecen poucos nomes de mulleres.



Farase un traballo previo de investigación de mulleres ceramistas no mundo. Unha vez feito este traballo, o alumnado porá en común dita información e realizará unha exposición con imaxes de traballos destas mulleres. Igualmente gravarán en audio breves biografías de cada unha delas, que se escoitarán de fondo mentres a exposición estea aberta ao público.

Para que todo o alumnado do centro visite dita exposición, farase unha planificación para que cada un dos grupos dos diferentes niveis educativos poidan realizar a visita ordenadamente. Desta tarefa de organización farase cargo o alumnado que realizou a exposición.


Persoas adultas

O meu azulexo talaverano

Lerase o seguinte artigo do afamado cociñeiro que decorou en Miami o seu restaurante con cerámica de Talavera da Reina.

lavozdetalavera.com/noticia/45272/negocios/el-afamado-chef-jose-andres-decora-con-ceramica-talaverana-su-nuevo-restaurante-en-el-corazon-de-miami.html

Recollerán información sobre o traballo da ceramista talaverana Mónica García del Pino e procurarán emular algúns dos seus traballos nun azulexo que o alumnado ten que levar previamente xunto cos materiais adecuados para a tarefa. O azulexo farase individualmente e sen comunicar cal se decidiu imitar a ningún compañeiro ou compañeira. Unha vez rematado o traballo, exporanse en clase os azulexos e veranse as coincidencias á hora de elixir o azulexo a imitar, intercambiando opinións sobre o porqué se elixiu un ou outro dentro da ampla obra desta ceramista.





abril ILUSTRACIÓN



De 0 a 3 anos

Pintamos o océano que cruza o meu veciño Paco

Á hora dos contos leremos contos e miraremos as imaxes e falaremos do que está a suceder e do que están a facer os personaxes dos contos. Contaremos historias coas ilustracións.

Falaremos de quen fai as ilustracións dos contos, sabedes quen fai estes debuxos?... Presentaremos a Ana Poyato que é de Cartaxena e contaremos o que fai.

Construiremos un conto coas imaxes do que facemos na "Escola", ordenaremos os momentos para construír "Un día no meu colexio"

Contaremos a historia de "Mi vecino Paco" e falaremos das súas ilustracións, do que vemos e do que pasa no conto.

Escollemos a ilustración da viaxe polo océano e debuxarémola nun mural para que os nenos a pinten libremente coas mans e cos materiais de estampaxe.

De 3 a 6 anos

Inspirámonos en Virginia García Martínez

1. Breve explicación de quen é Virginia García e a importancia da súa obra (Dar vida a historias cos seus debuxos).
2. Le un dos contos ilustrados por ela, da colección "El ratón blanco aprende a hacer amigos", para escoller entre "Por favor", "Gracias", "Lo siento" e "Te la dejo", sen mostrar os debuxos.
3. Dálle a cada alumno unha folla en branco e fai que debuxe o rato branco tal e como o imaxina.
4. Compara o debuxo coa ilustración de Virginia. Coloca todos os debuxos nunha parede, rodeando a ilustración orixinal.

De 6 a 9 anos

Comezamos a sesión definindo o termo ilustración e as diferentes técnicas. Como exemplo presentamos a tres ilustradoras, Virginia García Martínez, Eva Poyato, Ana Galvañ e mostramos algunhas das súas obras.

Actividade. Con motivo do día internacional das nenas nas TIC, as alumnas e alumnas teñen que facer un póster A3 escollendo unha técnica de ilustración ou mesturando varias (lapis de cores, acuarelas, collage...). Unha vez rematados os carteis, cada nena e cada neno que así o desexe explicará os detalles do seu traballo e a técnica empregada. Estarán expostas nun corredor do centro.

De 9 a 12 anos

Para celebrar a semana da muller, o centro prepara unha actividade dende a etapa de Educación Infantil ata 6º de Primaria. Consiste en darlle voz ás mulleres que están a traballar, a través do programa Flipgrid. Xunto a este programa fotográfase a muller e co programa Chatterpis é a imaxe a que move a boca, de xeito que ao aplicar o código QR vese a imaxe contando o vídeo previamente gravado.

Irán a traballar as mulleres da xeración do 27: "As sensombreiro". Dividir a clase en cinco grupos. Cada grupo busca a biografía e a obra dunha destas mulleres: Josefina de la Torre, María Zambrano, Rosa Chacel, Maruja Mallo y Marga Gil Roësset.

Na clase móstrase o documental que se emitiu na Televisión Española sobre "As mulleres sen sombreiro, as grandes esquecidas".

A actividade consiste na realización dun mural coa imaxe debuxada en cada grupo mediante a técnica da cuadrícula, gravar o vídeo explicando quen é, en que destacou e os seus datos bibliográficos máis interesantes, e aprender un dos poemas.

De 12 a 15 anos

Dividimos a clase en grupos e poñemos a cada un o nome dunha ilustradora murciana: IluRos, Virginia García Martínez, Sonia Matas Salas, María Latorre, Eva Poyato e Ana Galvañ. Cada un terá que facer unha breve declaración sobre a súa ilustradora e a súa obra. A continuación falamos da muller no mundo da arte e da súa invisibilidade, xérase un debate que será guiado pola profesora.

Cada alumno recibirá unha ilustración creada por unha das artistas mencionados anteriormente. Partindo del, deberán escribir unha historia sobre a igualdade de xénero.

De 15 a 18 anos

A guía que ilustra

Busca información na rede e crea unha guía de ilustradoras da nosa comunidade. Tratarase do papel das ilustradoras, da proxección e da súa traxectoria profesional. Unha vez editada a guía, prepáranse unhas fichas para crear unha exposición para a súa presentación.

Persoas adultas

Mostra ilustrada

Obxectivo: Crear unha exposición e mostra das diferentes ilustradoras que se inclúen neste artigo trendencias.com/feminismo/estas-17-ilustradoras-nos-demuestran-que-arte-tambien-forma-feminismo

As diferentes ilustradoras repartiranse entre varios grupos de 3 persoas. Os grupos teñen que crear unha exposición de cada unha das ilustradoras que se lles encargue. Deberán reflexionar sobre o contido das ilustracións para facer unha MOSTRA ILUSTRADA dunha visión feminina e feminista de ilustrar a vida.

Duración: pódese desenvolver nun trimestre.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres · CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres · STEG · Asemblea de Mulleres

Actividades propostas

Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciondemujeres.org

maio CÓMIC

De 0 a 3 anos

Reúnense todos en círculo e contámoslles unha historia cortiña onde aparezan personaxes abstractos como alegría, amizade, medo, susto e amor. Unha vez rematada a historia pídeselles que debuxen estes personaxes. Despois de feitos pedimos a cada nena e neno que expliquen o seu debuxo ao resto.

De 3 a 6 anos

A profesora mostra a fotografía das 4 mulleres propostas: Julia, Isabel, Celine e Maki.

Falamos do traballo e do traballo que realizan. Adoitan ver cómics, ver contos, ler contos con eles na casa?

Colocamos as fotos boca abaixo e cada un, ao levantala, inventará unha historia de cada unha delas.

De 6 a 9 anos

Actividade. Preguntámonos previamente se coñecemos algunha muller que se dedique a facer banda deseñada.

Presentamos as 4 mulleres propostas: Julia Botanz Guimerá, Isabel Bas Amat, Céline Wagner e Maki Yamamoto

Buscarán información das mulleres propostas e por último, por grupo de cada unha das propostas, elaboraremos un mural con información e o seu traballo.

Cada un, ou cada unha, fará un cómic co que fixo esta fin de semana.

De 9 a 12 anos

Presentamos as propostas de mulleres para este mes

Preguntamos se cren que hai moitas ou poucas mulleres que se dedican ao cómic. Por que? Por que cres que hai poucas mulleres que se dediquen á produción de banda deseñada? Miki Yamamoto atopou a mesma dificultade que Isabel Bas? Explicarán a resposta.

Cres que tiveron as mesmas oportunidades que os seus compañeiros masculinos? discusión en clase.

De 12 a 15 anos

Investigando a vida destas 4 mulleres vemos que hai vínculos de unión pero tamén moitas diferenzas, analizamos as dificultades que puido atopar Isabel como pioneira da Maki, máis actual.

Recollerán información sobre Julia Botanz, Isabel Bas, Céline Wagner e Maki Yamamoto e analizarán que vantaxes e inconvenientes atopas nesta profesión para as mulleres.

Debate en clase sobre os traballos *masculinizados*.

De 15 a 18 anos

Quen son as persoas que se dedican a facer banda deseñada?, que sabemos de banda deseñada?, adoitamos lelas? sóalle a alguén o TBO? recoller información na familia de cada un.

Investigamos en internet sobre as mulleres propostas este mes, repartimos as 4 mulleres por grupo e faremos un dossier con toda a información.

Cal se considera a novena arte? Buscar información e as razóns.

Persoas adultas

Buscamos información sobre as 4 mulleres propostas.

Farán un mapa e indicarán o seu lugar de nacemento e país.

Cres que inflúe o país e o lugar de nacemento? Discusión e razoamento

Con que dificultades se atoparon estas mulleres para desenvolver o seu traballo?

Fai 4 grupos impares de 3 ou 5 persoas e cada grupo ten asignado unha das artistas plásticas do mes de maio. Ao finalizar o traballo en grupo, expón os resultados a todo o grupo da aula.

Grupo 1: Isabel Bat Amat, biografía e traballo realizado como debuxante, ilustradora e guionista.

Grupo 2: Cèline Wagner, biografía e as súas obras en novela gráfica. Concepto de novela gráfica.

Grupo 3: Maqui Yamamoto, busca información sobre este artista no seguinte enlace: mikiyamamoto.myportfolio.com/

Grupo 4: Julia Botanz Guimerá: Busca obras realizadas pola ilustradora e artista multidisciplinar Julia Botanz, nas seguintes ligazóns:

idasusal.wixsite.com/compota
youtube.com/user/compotagrafica


xuño ARTE DE RÚA

De 0 a 3 anos

O meu primeiro grafiti

